



CONTIDOS

[Pregón da Caridade](#)

[Xornada pro orantibus](#)

[V Encontro Eucarístico Lucense](#)

[Concerto organizado por Mans Unidas](#)

[Últimos días dos mercados solidarios de Mans Unidas e Santiago A Nova](#)

[Peregrinacións á Catedral de Lugo, a Santiago e a Fátima](#)

[Colección Diplomática IV de Ventura Cañizares del Rey](#)

[Presentado un novo número da revista *Lvcensia*](#)

[Premiados no concurso *Que agochas no Corpiño?*](#)

[Premiados no III Concurso de fotografía sobre Eucaristía e patrimonio relixioso](#)

[Novenas a santa Rita e María Auxiliadora](#)

[Fotos da semana](#)

Pregón da Caridade

O mércores 25 de maio terá lugar ás 20h no Círculo das Artes de Lugo o Pregón da Caridade, con motivo da celebración do Corpus Christi, que será o domingo 29. O pregón estará a cargo de “Myriam García Abrisqueta”, conselleira de designación episcopal en Cáritas Española, ex presidenta de Mans Unidas.


É un acto organizado por Cáritas Diocesana de Lugo.




Xornada Pro Orantibus

O domingo 22 de maio celébrase a solemnidade da santísima Trindade e a Xornada Pro orantibus. É un día para valorar e agradecer a vida dos monxes e monxas, que se consagran enteiraamente a Deus pola oración, o traballo, a penitencia e o silencio. Toda a Igrexa debe orar ao Señor por esta vocación tan especial e necesaria, despertando o interese vocacional pola vida consagrada contemplativa.

O lema deste ano é: «Contemplade o Rosto da misericordia». Está en sintonía co Ano Santo da Misericordia, convocado polo papa Francisco para toda a Igrexa.



V Encontro Eucarístico Lucense



CORPUS CHRISTI 2016



Lugo, 24 maio - 5 xuño

Do 26 de maio ao 5 de xuño haberá oración, música, literatura, fotografía, conferencias

Xoves 26 maio

En Antas de Ulla, ás 19:30 h: Adoración Eucarística dirixida polo Vicario para a Nova Evanxelización da Diocese de Ourense Francisco J. Prieto.

Na Catedral ás 20h: Xoves Eucarístico. Eucaristía e procesión

Venres 27 maio

Na Catedral ás 20:45h primeiro concerto do III Festival Internacional de Órgano. "Adoro te devote". Jean-Christophe Geiser (Suíza), órgano

Sábado 28 maio

- 12:30 Concurso fotográfico e Certame literario: entrega de premios e inauguración da exposición fotográfica
- 20:00 na Catedral: Primeira novena na honra do Santísimo Sacramento. Ata o domingo 5 de xuño. Predicador: Luis Manuel Rodríguez, vicario de coordinación pastoral.

Domingo 29 maio - CORPUS CHRISTI

11:00 Eucaristía e procesión, na praza de Santa María, Lugo

[\[Programa completo\]](#)

Concerto organizado por Mans Unidas

O vindeiro domingo día 22 de maio de 2016, ás oito da tarde, no Salón Rexio do Círculo das Artes de Lugo, celebrarase un Concerto benéfico.

Actuarán a Banda Municipal de Lugo, dirixida por Rosendo Ivorra Jover, e o Orfeón Lucense, dirixido por Marcos Manuel Fernández Mosquera.

As entradas poden adquirirse no local de Mans Unidas situado na rúa da Cruz, 1 B, 1º de 11 a 13 horas, teléfono 982 25 55 67; ou no propio Círculo das Artes desde unha hora antes do concerto. Todo o diñeiro recaudado cos 5 euros de donativo que custa cada unha, será destinado aos dous proxectos que a Delegación de Mans Unidas Lugo financia este ano en Honduras e Zambia.

Últimos días dos mercados solidarios de Mans Unidas e Santiago A Nova

O mercado solidario que mantén aberto Mans Unidas na rúa San Pedro (Lugo) estará aberto ata o martes 24

O grupo de persoas maiores da Parroquia de Santiago A Nova (Lugo) abriu o 7 de maio o Mercado solidario de manualidades e produtos ecolóxicos, que permanece aberto tamén esta semana. A recadación irá destinada aos pobres. O grupo de maiores da Nova aproveita esta ocasión para facer chegar a súa gratitude a cantas persoas veñen apoiando este fin solidario. A exposición e venda está situada na sancristía da parroquia, a carón de Correos na rúa San Pedro, de Lugo.

Peregrinacións á Catedral de Lugo, a Fátima e Santiago

O 21 de maio ás 12 h peregrinan á **Catedral** con motivo do Ano da Misericordia parroquias de Lalín e Silleda. De Silleda tamén irán a Lugo o día 25 para gañar o xubileo da misericordia o persoal docente e discente do Colexio María Inmaculada.

A Delegación Diocesana do Apostolado Mundial de Fátima organiza unha **peregrinación a Fátima** entre os días 20 e 22 de maio. O venres día 20 sáese de diante da Mosqueira (na ronda da Muralla) ás sete da mañá e o regrésase a Lugo o domingo 22 ás 23h


Máis información: Capela de San Roque de 19:30h a 20h ou no teléf. 982 812910.

O 28 de maio faise a 3ª etapa que organiza a Parroquia de A Milagrosa polo **Camiño de Santiago** (Ruta do Mar, Camiño dos Ingleses). No próximo mes, os sábados seguintes (4 e 11 de xuño) conclúe esta peregrinación, facendo, respectivamente as etapas Miño - A Costa e Sigüeiro – Santiago de Compostela.

Colección Diplomática IV de Ventura Cañizares del Rey

Publicacións Diocese de Lugo vén de publicar *Colección Diplomática IV* (1138-1668) de Ventura Cañizares del Rey. A edición da obra corre a cargo de Manuel Rodríguez Sánchez, Óscar González Murado e María Luisa Doval García. Os textos recollidos neste volume son bulas papais e documentos reais. Entre eles destaca o documento de 1668 que fundamenta a razón de ser da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento na infraoitava de Corpus: Clemente IX, de acordo con el Rey Carlos II, impoñe una pensión de 200 ducados anuais sobre frutos y rentas del arzobispado de Compostela a favor de la Fábrica de la Catedral de Lugo

Ventura Cañizares, párroco en Lalín e coengo en Lugo, deixou unha excelente colección manuscrita de centos de documentos transcritos.



Presentado o n.º 52 da revista *Lvcensia*

O 18 de maio na Aula Magna do Seminario presentouse do n.º 52 da revista *Lvcensia*. O acto estivo presidido polo señor bispo D. Alfonso Carrasco Rouco.

O profesor Miguel Leiva falou sobre os drons: usos, lexislación... e informou sobre o Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas: que tipos de drons se fan (para vixilancia), quen os fai (INTA, Indra e Inaer), con canto diñeiro (máis de 100 millóns de euros) e os postos de traballo que se crearían (100 directos).

Miguel Leiva tamén sinalou a problemática que hai arredor dos drons: os de tipo militar poden levar cabezas nucleares e en EEUU están preparando un dron que el mesmo decidiría cando disparar.

Charla sobre Don Elías Valiña

O vicario xeral da Diocese, Mario Vázquez Carballo, dará unha charla no local da asociación La Unión (r/ Matías López, Sarria), o día 19 de maio ás oito da tarde sobre a figura de Don Elías Valiña e o Camiño de Santiago.

A charla está organizada pola Unión e polo Seminario de Estudos Sarriaos Francisco Vázquez Saco como parte dos actos en memoria de Don Elías Valiña. Estes actos reanudaránse despois do verán con novas charlas e a colocación dunha placa en honra do “cura do Cebreiro”.

Novenas en honra de santa Rita e María Auxiliadora

Na igrexa do convento das Agustinas (praza de Santo Domingo, Lugo) iníciase o día 14 a novena en honra a **Santa Rita de Casia**. Pola mañá os actos litúrxicos comezan ás 10h e pola tarde ás 18:40h (Rosario, Novena e Misa). O día 22 hai tres misas pola mañá ás 9, 10 e 11h (esta última, Misa Solemne) e pola tarde co horario habitual. Predica Mons. Indalecio Gñomez

Entre os días 15 e 24 de maio, na parroquia de San Francisco Xavier (Lugo) celébrase a novena de **María Auxiliadora**. Cada día, haberá unha Eucaristía que se ofrecerá por cada un dos grupos da familia salesiana.

Premiados no concurso *Que agochas no Corpiño?*

O premio ao mellor contado:

Eu agocho un sentimento, unha ilusión e unha esperanza, que unida á miña fe, dáme alivio para a miña alma.

Síntome aliviada e feliz cando me estou achegando ó Santuario.

Eu agocho a imaxe do meu pai que foi quen me trouxo por primeira vez; esta emoción encóntroa só aquí, a carón da Virxe do Corpiño.

Eu agocho un sentimento, unha ilusión e unha esperanza, que unida á miña fe, dáme alivio para a miña alma.

Isabel

[Ver os outros textos premiados](#): “Anduriña” (o máis emotivo dos romeiros) e “Familia numerosa” (o máis emotivo dos veciños).

Premiados no III Concurso de fotografía sobre Eucaristía e patrimonio relixioso

O 18 de maio, o xurado do III Concurso de Fotografía Eucaristía e Patrimonio Relixiosos en Lugo acordaron por unanimidade conceder os seguintes premios:

Este concurso, está organizado dentro dos actos do V Encontro Eucarístico Lucense que comezará o vindeiro xoves, día 26 de maio e que pretende resaltar o valor da Eucaristía en Lugo, a cidade do Sacramento.

1. Apartado Patrimonio Relixioso

- Primeiro premio, dotado con setecentos cincuenta euros e trofeo, á fotografía "Puerta de herrería" de Óscar Abelleira Ferreirós.
- Segundo premio e trofeo dotado con catrocentos euros á fotografía "Coro" de Peperei.

2. Apartado Eucaristía en Lugo.

- Primeiro premio, dotado con setecentos cincuenta euros e trofeo, á fotografía "A luz de Cristo" de Ana Criado Sánchez.
- Segundo premio, dotado con catrocentos euros e trofeo, á fotografía "Eucaristía en branco e negro" de Alejandro Buján Lorenzo.

Os premios entregaranse o día 28 de maio ás 12.30 h no salón de actos do Seminario diocesano de Lugo. As fotografías premiadas, así como unha selección de todas as recibidas, expoñeranse durante un mes neste centro.

Este concurso convocado polo Centro Eucarístico Lucense pretende ser unha invitación aos artistas, profesionais ou afeccionados á fotografía, a fixarse no rico patrimonio cristián e eucarístico da nosa terra. Os organizadores agradecen a gran acolleita prestada a esta iniciativa.

Fotos da semana



Xubileo de asociacións, movementos e confrarías (15 de maio)



Xubileo de parroquias do Val de Lemos (17 de maio)